



14 2 1 V 1

♩: 120

Mazaricos. Xaneiro 1979.

1) Xen de Ra-ja-el de Ro- que mo-so ro-bust'e va-len-te
 to-mou a-mo-res con Car-men de Ro-sa de Tan Cle-men-te

variantes estróficas:

5) - 8) 9) 3)

3) 5) - 9) 5) 9)

3) 5) 8)

2) 3) 5) 6) 7) 7)

3) 5) 7) 3) 8)

Mazaricos II,2,150. Isabel.

L: 8b,

*Transcripción original de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



Xan de Rafael de Roque
moso robust'e valente
tomou amores con Carmen
de Rosa de San Clemente.

Ela é unha rapaza
guapa com'unha paloma
i ó vé-la bailar parece
unha muñeca de goma.

Por eso el s'entusiasmou
por ela con tant'afán
pra don'iba Carmeliña
iban os ollos de Xan.

Un día vindo do muíño
ó cerradiño da noite
viña Carmela tamén
cun balde d'aghua da fonte.

Pous'o saco no valado
eu cansada non che veño
anda muller pra decirche
o meu amor que che teño.

Ese cont'éche mui vello
chamanll'o conto da casa
din igual tódo-los mozos
que falan cunha rapaza.

Pepiña queroche tanto
teñoche tanto querer
cando non che vexo nena
poñome por ti loquiño.

Xacobo si é verdade que me queres
pró qué queres os teus socos
si é verdade que toleas
haiche cárcele prós locos.

Pepiña dám'un si
dam'un si xa de contado
que se non cremo de certo
que che me poño chifrado.

Dios me libre qu'eso seña
nin que tal desgracia mande
por máis que non hai coidado
que pra chifres xa vas grande.